

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CBARG01	Artes Gráficas	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3124	Traballos de reprografía	2018/2019	5	177	177
MPMP31_24	Recepción de traballos de reprografía e preparación de dispositivos e materiais	2018/2019	5	75	75
MPMP31_24	Realización e despacho de traballos de reprografía, e mantemento de equipamentos	2018/2019	5	102	102

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA GAYOL GONZÁLEZ, LAURA CALVIÑO FACAL (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo Traballos en Reprografía, pertencente ao Ciclo formativo de Grao Básico de Artes Gráficas; tomado como referencia o Decreto 107/2014, do 4 de setembro polo que se establece o título profesional básico en Artes Gráficas e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia a tipoloxía do alumnado e as características do contorno sociocultural do Cifp Compostela.

A industria do Papel e as Artes Gráficas en Galicia agrupa no ano 2015 arredor de 600 empresas, das que un 95% dedícanse a Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados.

En canto a distribución provincial das empresas na comunidade galega, na Coruña encontráanse un 40% das empresas, seguido en orde de importancia por Pontevedra cun 35%, Lugo, un 15% e Ourense un 10%.

É acusada a atomización das unidades produtivas do sector galego de artes gráficas, tratándose dunha actividade na que operan un elevado número de empresas pequenas.

A produtividade en termos monetarios no sector de artes gráficas galego é inferior á rexistrada para o total da Industria, asimesmo o crecemento de afiliación a Seguridade Social nos últimos dous anos deixa ver unha lixeira recuperación do sector.

Polo que respecta o soporte tecnolóxico para o desenvolvemento da actividade gráfica o 67,1% das empresas que ofertan servizos de impresión utilizan tecnoloxía offset. A continuación sitúase a tecnoloxía dixital de pequeno formato cun (36%) e a de grande formato (26,7%). Cabe destacar tamén a importante utilización de serigrafía cun porcentaxe do 18,7% e no último decenio un progresivo avance da impresión flexográfica.

En canto as perspectivas destas tecnoloxías para os próximos anos, apreciase que, salvo no caso da serigrafía, máis do 40% das industrias teñen previsto aumentala súa actividade coas tecnoloxías que utilizan. No que respecta a tecnoloxía dixital máis do 70% das empresas que as empregan actualmente fórmulanse incrementar a súa actividade.

A comarca de Santiago de Compostela mantén porcentaxes similares en tódolos aspectos mencionados anteriormente para o sector en Galicia. É importante destacar que nesta comarca e nas limítrofes, está asentada unha porcentaxe moi elevada da poboación de Galicia e das empresas do sector das Artes Gráficas.

No que respecta os principais soportes empregados seguen a ser os papeiros, en tódalas súas variedades, os que representan o porcentaxe máis elevado, distinguíndose sectores como a imprenta comercial, o envase e o embalaxe.

Ainda así, cobran cada día máis importancia os soportes non papeiros, e podese apreciar en tódalas nosas comarcas de influencia onde se implantan cada vez máis empresas dedicadas a elaboración de produtos gráficos feitos con soportes non absorbentes como son os plásticos en tódalas súas variedades imprimibles. Tradicionalmente e asociada a industria conserveira ten moita importancia en Galicia o sector metalgráfico que traballa soportes metálicos.

Nas serigráficas, de ampla implantación nos arredores do centro, realízanse todo tipo de produtos gráficos en soportes téxtiles, plásticos, papel, vidro, etc..

Esta programación está elaborada e adecuada ao contorno do C.I.F.P. Compostela, partindo do seu Proxecto Educativo de Centro, atendendo á poboación e alumnado que nel están matriculados, adaptado e dependente da solicitude das empresas de Galicia no actual momento tecnolóxico e produtivo do sector.

O perfil profesional do título profesional básico en Artes Gráficas determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia CINE-3.5.3, Clasificación Internacional Normalizada da Educación.

A competencia xeral do título profesional básico en Artes Gráficas consiste en realizar traballos de reprografía e operacións básicas de apoio á produción, a manipulación e a finalización de produtos gráficos, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal, operando



coa calidade indicada, cumprindo as normas ambientais e de seguridade e hixiene no traballo vixentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

As persoas que obteñan o título profesional básico en Artes Gráficas han exercer a súa actividade en empresas de reprografía, copistería ou artes gráficas en xeral.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Operario/a de reprografía
- Operario/a de acabamentos de reprografía.
- Auxiliar técnico/a de máquinas e equipamentos de produción gráfica.
- Auxiliar de taller en industrias gráficas.
- Axudante/a de máquinas e equipamentos de produción gráfica.
- Auxiliar de máquinas e equipamentos de produción gráfica.
- Operario/a de manipulacións de papel, cartón e outros materiais
- Operario/a de oficios auxiliares de papel, cartón e outros materiais.
- Manipulador/ora de produtos de xigantografía.
- Peón da industria gráfica.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Recepción de pedidos.	Atención e asesoramento a clientela.	15	7
2	Verificación de orixinais.	Valoración da vialidade acorde os requerimentos establecidos.	22	10
3	Almacenamento e control de soportes e consumibles	Realización de labores de almacenamento e control con procedementos normalizados	30	17
4	Selección de materiais e aplicacións para produción.	Preparación de consumibles e software, acorde a orde de reprodución.	8	8
5	Reprodución de orixinais.Sistemas de reprodución	Análise dos sistemas de reprodución adecuados o orixinal a reproducir.	45	26
6	Empaquetado, embalado e despacho de produtos terminados.	Realización e métodos de empaquetado e despacho de produtos.	30	17
7	Mantemento de equipos de reprografía. Normas de seguridade, saúde e medioambientais.	Realización de mantemento e obsevación das normas de seguridade e medioambientais.	27	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Recepción de pedidos.	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende e asesora posible clientela, recibindo encargas-tipo de reprografía, cubrindo ordes de traballo e xestionando a documentación relacionada de acordo cos procedementos establecidos	SI
RA2 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados de traballos de reprografía	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os pasos no protocolo de relación coa clientela establecido por unha empresa tipo, e recoñécense as técnicas de comunicación habituais
CA1.2 Recoñécense os orixinais máis comúns que se reproducen nas empresas de reprografía
CA1.3 Identifícanse os principais conceptos que aparecen nos documentos e nas tarifas que se utilizan en empresas de reprografía
CA1.4 Relacionáronse os documentos de entrega, cobramento, expedición, orde de traballo, etc., coa súa estrutura, co seu sistema de formalización (manual ou informático) e coa súa función
CA1.5 Identifícanse os artigos relacionados coa reprodución de documentos na lei de propiedade intelectual vixente
CA1.6 Relacionáronse os factores que interveñen na valoración das encargas máis comúns de reprografía co proceso de reprodución e cos materiais necesarios
CA1.7 Identifícase a documentación característica do proceso de pedido e despacho dos produtos nas empresas de reprografía
CA1.8 Cubríronse os documentos máis comúns utilizados no proceso de encarga de traballos de reprografía
CA1.9 Valoráronse os recursos necesarios para acometer os traballos de reprografía máis habituais, elaborando sinxelos orzamentos elementais segundo instrucións
CA1.10 Valoráronse os traballos tendo en conta a posibilidade legal de reprodución, as características do traballo (copia, fotocopia, impresión ou ploteado), do soporte (papel, acetato, etc.) e do acabado que se vaia realizar (formatado, encadernado ou encartado)
CA1.11 Realizáronse orzamentos tarifados tendo en conta os custos dos materiais e das operacións que interveñen no proceso, aplicando tarifas de prezos subministradas
CA2.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias nos traballos de reprografía
CA2.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nos traballos de reprografía
CA2.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada cos traballos de reprografía

4.1.e) Contidos

Contidos
Protocolos de relación e comunicación coa clientela.
Técnicas de comunicación habituais coa clientela.
Especificacións dos pedidos: cliente/a, tipo de traballo, cantidade, cores, formato, etc.



Contidos

Normas de dereitos de autoría e reprodución vinculadas á reprografía.

Documentos para a identificación e a tramitación das encargas de traballos de reprografía. Conceptos e tarifas. Documentos de entrega. Documentos de cobramento.

Formalización de ordes de traballo.

Valoración de encargas en reprografía. Elaboración de orzamentos. Tarifas de prezos.

A persoa emprendedora nos traballos de reprografía.

Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nos traballos de reprografía.

O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada cos traballos de reprografía.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Verificación de orixinais.	22

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Comproba orixinais para realizar a reprodución, con valoración da súa viabilidade técnica, de acordo cos criterios de calidade establecidos	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionáronse os parámetros de calidade contidos nas ordes de traballo coa reprodución dos orixinais
CA3.2 Identificáronse os materiais (orixinais, tipos de soporte, formatos, elementos visualizantes, etc.) polas súas características e a súa funcionalidade, en relación cos equipamentos máis axeitados para a súa reprodución
CA3.3 Identificáronse os sistemas de alimentación, paso e saída dos equipamentos, pola súa función, o seu formato e as súas posibles aplicacións (informáticas, de reprodución, de impresión e de acabado)
CA3.4 Relacionáronse os produtos que cumpra obter co soporte e co equipamento de reprodución dispoñibles
CA3.5 Elixíronse os soportes axeitados (en función do tamaño, a gramaxe, a textura e a cor) e os equipamentos óptimos para a reprodución do orixinal
CA3.6 Adaptáronse os orixinais e os ficheiros dixitais ao medio de reprodución

4.2.e) Contidos

Contidos
Viabilidade de reprodución: relación cos equipamentos, os sistemas de alimentación dispoñibles e a calidade requirida. Parámetros de calidade.
Identificación de orixinais: tipo de soporte e formato.
Selección do soporte: tamaño, gramaxe, textura e cor.
Selección do equipamento de reprografía: produción.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Almacenamento e control de soportes e consumibles	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza operacións de control de almacén en reprografía, aplicando criterios establecidos para a recepción de soportes e consumibles, e utilizando procedementos normalizados para a súa clasificación e o seu almacenamento	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Interpretáronse instrucións técnicas para o aprovisionamento de materiais e o control do almacenamento nunha empresa tipo de reprografía
CA4.2 Relaciónáronse os factores que interveñen no mantemento das existencias mínimas para asegurar a dispoñibilidade de materiais nos procesos de reprografía
CA4.3 Descríbense os sistemas de mantemento de existencias mínimas de materiais e consumibles característicos das empresas de reprografía, e xustificáronse as súas vantaxes e os seus inconvenientes
CA4.4 Identifícanse os criterios de calidade para a aceptación ou o rexeitamento dos soportes e consumibles comúns en traballos de reprografía
CA4.5 Relaciónáronse os materiais e os consumibles empregados en reprografía co xeito e coas condicións de almacenamento que requiren
CA4.6 Relaciónáronse as entidades provedoras cos produtos e os servizos que subministran
CA4.7 Descríbense as características dos medios e dos equipamentos de carga e transporte dos materiais e dos consumibles máis comúns utilizados en reprografía, en relación coas súas aplicacións
CA4.8 Clasifícanse os materiais máis comunmente utilizados en reprografía (soportes de reprodución e consumibles de reprodución e de acabado ou encadernación), segundo a súa natureza e o xeito de aplicación
CA4.9 Adoptáronse as normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de traslado e almacenamento de materiais e consumibles

4.3.e) Contidos

Contidos
Recepción de materiais. Instrucións de aprovisionamento. Criterios de calidade para a aceptación ou o rexeitamento de soportes e de consumibles.
Almacenamento de soportes e consumibles.
Control do almacenamento e do mantemento de existencias mínimas.
Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de almacenamento de soportes e consumibles de reprografía. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Elementos de protección individual.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Selección de materiais e aplicacións para produción.	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Dispón os recursos necesarios para realizar a reprodución de orixinais, seleccionándoos de acordo coas instrucións recibidas	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Interpretouse a información das consolas dos equipamentos de reprografía e do software de impresión e gravación, en relación coas necesidades de reprodución dos orixinais
CA5.2 Relacionouse a iconografía característica das consolas dos equipamentos de reprografía e do software de impresión co seu significado nos traballos de reprografía
CA5.3 Identificouse a iconografía dos parámetros modificables nos equipamentos coas funcións asociadas e a súa influencia na reprodución
CA5.4 Seleccionáronse os parámetros axeitados na consola do equipamento segundo as necesidades da reprodución presentadas
CA5.5 Seleccionáronse os parámetros axeitados no software de impresión segundo as necesidades da reprodución presentadas

4.4.e) Contidos

Contidos
Preparación de soportes e consumibles.
Equipamentos de reprografía: características e funcións.
Elementos dos equipamentos de reprografía: alimentación, paso e saída. Parámetros configurables. Influencia na reprodución.
Consolas. Aplicacións informáticas.
Instrucións técnicas para a preparación dos equipamentos.
Operacións de posta en marcha.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Reproducción de orixinais.Sistemas de reprodución	45

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Reproduce orixinais ou mostras autorizadas axustando os parámetros dos equipamentos de reprografía de acordo coas ordes de traballo	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as máquinas de reprodución utilizadas en reprografía co tipo de orixinais que reproducen, o sistema de reprodución e as operacións auxiliares que poidan realizar
CA1.2 Realizáronse operacións de carga ou substitución dos consumibles utilizados nos equipamentos de reprografía, cumprindo as normas de seguridade, saúde e protección ambiental
CA1.3 Realizáronse as probas necesarias para garantir a calidade requirida na orde de traballo e nas normas establecidas
CA1.4 Reaxustáronse os parámetros en función dos resultados obtidos
CA1.5 Diferenciáronse as necesidades de control do proceso segundo o tipo de reprodución (b/n, cor, liña e trama), o formato de impresión, o volume da tiraxe e o tipo de soporte
CA1.6 Axustáronse os parámetros de reprodución (tamaño, gramaxe, acabado, b/n, cor, liña, trama, etc.), en función das ordes de traballo e partindo de orixinais en soporte papel e/ou dixital
CA1.7 Realizáronse as operacións de posta a punto do aparello de alimentación e saída da máquina de reprografía, asegurando a continuidade durante a tiraxe e determinando a velocidade axeitada ao soporte e ao orixinal que se vaia reproducir
CA1.8 Comprobouse a integridade, a seguridade e o formato dos ficheiros dixitais, verificando que o tamaño dos ficheiros permita a gravación no soporte dixital establecido
CA1.9 Preparáronse os soportes para gravar e o software necesario segundo as instrucións recibidas, e verificouse o seu correcto funcionamento
CA1.10 Realizáronse as copias necesarias identificando os soportes gravados segundo as instrucións recibidas
CA1.11 Adoptáronse as normas de seguridade, saúde e protección ambiental relativas ás operacións de reprografía

4.5.e) Contidos

Contidos
Produción en reprografía. Máquinas e sistemas de reprodución. Operacións auxiliares que poden realizar.
Operacións de carga. Substitución de consumibles.
Calidade na reprodución.
Parámetros modificables durante a reprodución.
Probas de reprodución. Comprobacións de calidade.
Reaxuste de parámetros.
Verificacións de funcionamento.
Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de reprografía. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Elementos de protección individual.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Empaquetado, embalado e despacho de produtos terminados.	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Despacha encargas-tipo de traballos de reprografía, realizando as operacións de cobramento, empaquetaxe e embalaxe de acordo cos procedementos establecidos	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Utilizáronse terminais de venda ou equipamentos informáticos para a xestión dos documentos de cobramento, aplicando os procedementos de control e arquivamento de documentos establecidos
CA2.2 Realizáronse sinxelas operacións de control de calidade sobre o traballo elaborado
CA2.3 Valoráronse os traballos realizados seguindo os procedementos establecidos en normas e orzamentos
CA2.4 Utilizáronse os materiais e os utensilios de acordo coas características do produto e coa forma de entrega
CA2.5 Identificáronse os medios e os equipamentos para os cobramentos máis comúns (caixa rexistradora, TPV, etc.) e describíronse as súas características e a súa operativa
CA2.6 Simuláronse operacións de cobramento en metálico utilizando caixas rexistradoras, asegurando a entrega ao/á cliente/a do ticket ou recibo que acredite o pagamento
CA2.7 Simuláronse operacións de cobramento con tarxetas de crédito utilizando os TPV, asegurando a entrega ao/á cliente/a do ticket ou recibo que acredite o pagamento
CA2.8 Cubríronse os documentos mercantís necesarios para a xestión do cobramento (albarás, facturas, notas de entrega, etc.)
CA2.9 Cubríronse os documentos de expedición de mercadorías para o envío por mensaxaría, axencias de transporte, correo postal e reparticións propias, asegurando que os datos contidos permitan a identificación dos paquetes e a súa entrega no destino

4.6.e) Contidos

Contidos
Terminais de venda. Equipamentos informáticos de cobramento.
Procedementos para o control e o arquivamento de documentos relacionados cos encargos de traballos de reprografía.
Formalización de documentos de entrega: albarás, facturas e notas de entrega.
Técnicas de empaquetaxe.
Materiais de empaquetaxe e embalaxe.
Utensilios e equipamentos de embalaxe funcional. Identificación dos paquetes.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Mantemento de equipos de reprografía. Normas de seguridade, saúde e medioambientais.	27

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos propios de reprografía, aplicando os procedementos establecidos no manual técnico ou nos plans de mantemento correspondente	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse as operacións de mantemento e as partes dos equipamentos que haxa que manter, a partir dos manuais técnicos dos equipamentos
CA3.2 Realizáronse as operacións de limpeza e mantemento en equipamentos de reprografía determinadas por fábrica, de acordo cos manuais de uso subministrados
CA3.3 Realizouse a limpeza dos elementos ópticos e das consolas de manobra
CA3.4 Realizouse a limpeza dos elementos mecánicos eliminando os residuos das zonas indicadas nos manuais correspondentes
CA3.5 Adoptáronse as normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de mantemento de equipamentos de reprografía
CA3.6 Clasificáronse e retiráronse os residuos xerados (papel, plástico, cartuchos de tóner, envases de tintas, metais, vidros, etc.), nos lugares establecidos para tal efecto
CA3.7 Utilizáronse os equipamentos de protección individual relacionados coa limpeza e o mantemento dos equipamentos de reprografía

4.7.e) Contidos

Contidos
Niveis do mantemento.
Operacións de mantemento de primeiro nivel.
Interpretación de manuais técnicos e plans de mantemento.
Identificación de partes dos equipamentos que é preciso manter.
Operacións de mantemento.
Operacións de principio e fin de xornada.
Normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de mantemento de equipamentos de reprografía. Riscos específicos e factores implicados. Medidas preventivas. Sistemas de seguridade dos equipamentos. Elementos de protección individual.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación será sempre continua e non só sobre o aprendizaxe dos alumnos/as, senón tamén sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe: os obxectivos da unidade didáctica, os contidos expostos, os propios criterios de avaliación, os materiais didácticos e o propio profesor a través da súa programación.

A avaliación será recuperadora, considerando a cualificación da última avaliación do curso como a cualificación de toda a materia, tendo a posibilidade de recuperación, no caso de suspenso antes de finalizar o ciclo.

A avaliación adoita facerse coa realización de probas escritas, cuestións obxectivas (preguntas test, cálculo, relacións, conceptos...) indicando a materia sometida a avaliación e a valoración cuantitativa de cada cuestións, e probas prácticas que determinen as capacidades adquiridas polo alumnado.

Considéranse os seguintes compoñentes do proceso avaliador:

1.Actividades teóricas:

1.1 Probas escritas: cuestións obxectivas (preguntas test, cálculo, relacións, conceptos,...) indicando a materia sometida a avaliación. Con carácter individual.

1.2 Propostas de traballo que o alumno/a en ocasións realizará en horario lectivo.

Ao longo do curso pódense programar traballos coincidentes coa celebración de eventos escolares para obter información pertinente de fontes secundarias utilizadas para mellorar as habilidades de búsqueda de información coa utilización de internet, traballos de análise, bibliográficos, de investigación, búsqueda bibliográfica... que se desenvolverán de forma individual.

2.Actividades prácticas:

2.1 Tutoriais: serán sempre con carácter individual. O alumno seguirá as explicacións do mestre, que o guiará durante todo o exercicio, para deste xeito conseguir adquirir novos contidos, afianzar os que xa posúe e/ou alcanzar novas destrezas e técnicas de traballo.

2.2 Deseños: poden ser de diverso tipo e orientados a traballar os obxectivos formativos (conceptos, compoñentes, técnicas de traballo, potenciar habilidades, etc...).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

-O 70% da cualificación será a obtida nos traballos ou exercicios prácticos, a cal se obterá a partires das actividades propostas no aula , 40% da nota e un exame práctico.

-O 20%

A cualificación será obtida a traves de probas escritas tipo test ou desenrolo de preguntas ou temas.



-O 10% Actitude, entendendo esta como:

- Atención na clase. Resposta ás indicacións suxeridas polo profesor/a.
- Medida como grao de cumprimento:
- Puntualidade, tanto na asistencia ás clases como no respecto aos prazos establecidos para a realización dos traballos.
- Participación activa, atendendo a capacidade individual. Medida como grao de cumprimento.

O mínimo esixible será de 5 sobre 10 para alcanzar a avaliación positiva.

Nas probas escritas e prácticas farase media sempre que alomenos un dos apartados teña un mínimo de 5 sobre 10.

A non presentación das actividades en tempo e forma suporá unha penalización de 1 punto.

Para acadar a avaliación positiva do Modulo deberanse ter entregadas o 100% das actividades propostas no aula.

Con carácter xeral entenderanse como mínimos esexibles os seguintes criterios de avaliación:

- Identificar os pasos no protocolo de relación coa clientela establecido por unha empresa tipo, e recoñecerse as técnicas de comunicación habituais.
- Recoñecer os orixinais máis comúns que se reproducen nas empresas de reprografía.
- Cubrir os documentos máis comúns utilizados no proceso de encarga de traballos de reprografía.
- Identificar os materiais, orixinais, tipos de soporte, formatos, elementos visualizantes, etc.
- Relacionar os produtos que cumpra obter co soporte e co equipamento de reprodución dispoñibles.
- Asociar os materiais e os consumibles empregados en reprografía co xeito e coas condicións de almacenamento que requiren.
- Seleccionar os parámetros axeitados na consola do equipamento segundo as necesidades da reprodución presentadas.
- Realizar operacións de carga ou substitución dos consumibles utilizados nos equipamentos de reprografía, cumprindo as normas de seguridade, saúde e protección ambiental.
- Realizar as operacións de posta a punto do aparello de alimentación e saída da máquina de reprografía.
- Realizar as copias necesarias identificando os soportes gravados segundo as instrucións recibidas.
- Realizar sinxelas operacións de control de calidade sobre o traballo elaborado.
- Identificar as operacións de mantemento e as partes dos equipamentos que haxa que manter, a partir dos manuais técnicos dos equipamentos
- Realizar as operacións de limpeza e mantemento en equipamentos de reprografía determinadas por fábrica, de acordo cos manuais de uso subministrados.
- Adoptar as normas de seguridade, saúde e protección ambiental nas operacións de mantemento de equipamentos de reprografía
- Utilizar os equipamentos de protección individual relacionados coa limpeza e o mantemento dos equipamentos de reprografía.

Os alumnos que non superen o módulo no periodo ordinario, contan cun periodo de recuperacións en xuño.

Neste periodo deberán entregar rematadas, de ser o caso, o 100% das actividades propostas durante o curso, a mais das propotas para recuperación dos RA non superados e as correspondentes probas prácticas e escritas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas



6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cada un dos exercicios propostos ao longo do curso incluírá cuestións das unidades vistas ata o momento, o que servirá como modelo de recuperación.

Como norma, non se realizarán exercicios de recuperación e cando un alumno/a non poida asistir a un exercicio cualificarase cun 1 e non terá dereito a realizalo noutro momento.

Xa que logo, trátase de avanzar nos contidos e avaliar a consecución dos obxectivos de forma continua.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Tendo en conta o establecido na Orde do 5 de agosto de 2014, no seu artigo 14, no que non se contempla para o alumnado de F.P. Básica a Perda do dereito de avaliación continua a que se refire a Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 25; Establecese para o módulo de Traballos en Reprografía, o seguinte:

1. O alumnado que supere o 15 % de faltas de asistencia o dito módulo;

- Outorgaráselle unha cualificación final cun peso diferente ao do resto do alumnado, sendo este peso dun 30 % menos sobre a cualificación final obtida, por entender que debido ao carácter práctico do módulo, hai certas capacidades como a destreza no desenrolo da actividade, constancia ou observación da mesma que precisan da asistencia a clase.

- Non se contemplará para este alumnado a realización de probas parciais, debendo de realizar unha única proba final teórico-práctica baseada no realizado, segundo programación, ao longo do curso.

- Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo una puntuación de 5 puntos.

2. Para aquel alumnado no que a súa falta de asistencia non supere o 5% de horas do módulo por trimestre descontaráselle na avaliación parcial de módulos, no apartado correspondente á cualificación actitudinal, ata un total de 0,5 puntos; podendo seguir sendo avaliado de forma parcial ao longo do curso, sempre e cando non incorra no establecido no apartado 1.

Terase en conta, para este segundo caso que, a pesares de que o alumno/a supere o 15 % total de faltas de asistencia do módulo ao final do curso, se esta ausencia non se produce de xeito continuado e se mantén dentro dun límite razoable, non se aplicará o sinalado no apartado 1.

Este proceso extraordinario de avaliación realizarase antes da sesión de avaliación final.

O exame teórico computará un 30% da nota final.

O exame práctico computará un 70% da nota final.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da programación farase segundo se establece na orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e entregaráse unha memoria final de curso.

O profesor docente do módulo será o encargado de facer o seguimento, entregando unha copia o xefe de departamento correspondente para o seu análise e verificación.

Para elo utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Farase durante a primeira semana de clase mediante unha proba escrita individual a cada estudante que permita obter datos respecto a súa situación previa, tanto en canto aos seus coñecementos como a súa actitude.

Os datos obtidos contrastaranse cos obtidos polos outros docentes na sesión de avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A fin de determinar a existencia no grupo de alumnos/as con necesidade de apoio educativo, o equipo docente do ciclo medio de impresión en artes gráficas realizará unha reunión inicial nos primeiros quince días do curso para intercambiar a información obtida nas correspondentes avaliacións iniciais así como a información que resulte do exame dos expedientes dos alumnos/as realizada polo titor ou titora do grupo segundo as indicacións da xefatura de estudos.

Nesa reunión inicial adoptaranse decisións respecto ás medidas de reforzo educativo que se consideren oportunas prestando especial atención a:

Dificultades de relación interpersonal.

Dificultades de atención.

Problemas auditivos.

Problemas visuais.

Dificultades de lectura.

Dificultades de comprensión, tanto oral como escrita.

Dificultades no cálculo numérico.

Faltas de asistencia sen xustificar.

No caso de que se detecten necesidades que excedan do simple reforzo, trasladarase ao departamento de Orientación a correspondente solicitude de informe psicopedagóxico e os apoios necesarios para a realización de adaptacións non significativas segundo os modelos utilizados no CIFP COMPOSTELA.

De todos os xeitos, o equipo docente manterá reunións mensuais nas que se fará un seguimento de cada alumno/a e se adopten as medidas

necesarias para a súa correcta atención.

Prestarase especial atención aos resultados da primeira avaliación e, de ser preciso, adoptaranse as medidas correctoras e de adaptación curricular non significativa que se consideren oportunas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A formación profesional non ten unicamente un enfoque laboral; dentro da filosofía de formación para a vida consideramos que os contidos adáptanse á realidade cotiá cando abarcan os tres eidos de formación persoal, social e laboral, de aí que se busque este enfoque xa especificado no Proxecto Educativo do centro.

Realizaranse actividades en equipo que fomenten valores como a constancia, a autocrítica, a comunicación, a cooperación, a curiosidade, a confianza, o diálogo, a autodisciplina, a orde, o respecto, a responsabilidade, a tolerancia, a xenerosidade, e por suposto, a creatividade.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo as actividades que considere oportunas o Dpto.